



CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente de modificación orzamentaria do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio 2026, vía suplemento de crédito 1/2026; en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, fanse públicos os seguintes resumos:

I.ORZAMENTO 2026

ESTADO DE GASTOS			
CAPÍTULO	CONSIGNACION ACTUAL	MODIFICACIÓN	CONSIGNACION FINAL
I GASTOS DE PERSOAL	8.339.487,71	0,00	8.339.487,71
II GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	1.596.347,07	422.519,90	2.018.866,97
III GASTOS FINANCEIROS	1.100,00	0,00	1.100,00
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00	0,00	0,00
V FONDO DE CONTINXENCIA	168.543,75	0,00	168.543,75
VI INVESTIMENTOS REAIS	839.171,65	391.185,65	1.230.357,30
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00	0,00
VIII ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00
IX PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00
TOTAL ESTADO DE GASTOS	10.944.650,18	813.705,55	11.758.355,73

ESTADO DE INGRESOS			
CAPÍTULO	CONSIGNACION ACTUAL	MODIFICACIÓN	CONSIGNACION FINAL
I IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	0,00	0,00
II IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	0,00	0,00
III TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	1.398.257,32	0,00	1.398.257,32
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	8.654.237,68	0,00	8.654.237,68
V INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00	0,00	0,00
VI ENAXENACIÓN DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00	0,00	0,00
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00	0,00

VIII ACTIVOS FINANCEIROS	892.155,18	813.705,55	1.705.860,73
IX PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00
TOTAL ESTADO DE INGRESOS	10.944.650,18	813.705,55	11.758.355,73

O que se fai público aos efectos oportunos.

Lugo, 22 de xuño de 2026.- O secretario-interventor do Consorcio, José Antonio Mourelle Cillero.

R.1685

CONCELLOS ANTAS DE ULLA

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto no artigo 51.1 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Antas de Ulla, en data 16 de xuño de 2026, se adoptou Resolución que di: “*Delegar en favor de D. Luís Alberto Galego Carnero, Concelleiro deste Concello, o exercicio da competencia correspondente á de celebración do matrimonio civil entre os contraentes D^a. María José Corbella Fernández e D. Fernando Méndez López, o día 20 de xuño de 2026.*” Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do previsto no artigo 44.2º do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro

Antas de Ulla, 16 de xuño de 2026.- A alcaldesa, M. Pilar García Porto.

R. 1655

BECERREÁ

Anuncio

Mediante Decreto de Alcaldía nº 2026-0380 ditado o día 18/06/2026, convocouse proceso de selección para ampliar a bolsa de emprego constituída por Decreto 2025-0442, de data 16/07/2025, co fin garantir a cobertura dos postos integrantes nas brigadas municipais de incendios e o vehículo motobomba para a tempada 2026.

Os procesos selectivos rexeranse polas Bases aprobadas por Decretos nº 2025-0333 e nº 2025-0359, que están expostas no taboleiro de anuncios aloxado na sede electrónica do Concello de Becerreá: <https://concellodebecerrea.sedelectronica.gal/info.0>

As solicitudes para tomar parte no proceso de selección poderán ser presentadas no prazo **dos 5 DÍAS HÁBILES seguintes** ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse na sede electrónica do Concello de Becerreá.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

Becerreá, 18 de xuño de 2026.- O alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1656

BEGONTE

Anuncio

Por resolución de Alcaldía, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de maio de 2026 da Escola Infantil Municipal por un importe de 509,87 €

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 12 de xuño de 2026.- O alcalde, D. José Ulla Rocha.

R. 1650

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón fiscal do servizo de axuda no fogar (SAF) correspondente ao mes de **maio 2026**, que comprenden os seguintes recibos:

1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrencia e dependencia correspondente a mes de **maio 2026**, polos seguintes importes:

- Modalidade libre concorrencia: 3070,80 €

- Modalidade dependencia: 4598,93 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo de axuda no fogar (SAF) correspondente ao mes de **maio** de **2026**, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns

Guitiriz, 9 de xuño de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1651

LOURENZÁ

Anuncio

Notificación de baja de oficio en el Padrón Municipal de Habitantes por caducidad

Con fecha 8 de junio de 2026 se inicia expediente de baja en el Padrón de habitantes por caducidad, y se procede a lo siguiente:

1º.- Declarar el inicio de procedimiento de baja de oficio el Padrón Municipal de Habitantes de este Ayuntamiento, por caducidad de la persona que se relaciona a continuación:

D. Adil Abattouy, con documento n.º: ***2926**

2º.- No siendo posible practicar la notificación a la persona interesada, se inicia un plazo de quince días, que empezará a contar desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOE, según lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 39/2021, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, para que la persona interesada presente ante esta Alcaldía las alegaciones que considere oportunas respecto a su situación en el Padrón de Habitantes.

3º.- De no presentar alegaciones en dicho plazo, y una vez recibido informe favorable del Consejo de Empadronamiento, se procederá a la baja en el Padrón Municipal de Habitantes del Concello de Lourenzá.

Lourenzá, 16 de junio de 2026.- La alcaldesa, D.ª Rocío López García.

R. 1652

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos, en sesión do día 16/06/2026, aprobou a ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE PRODUTOS NO “FESTIVAL DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA DE MONFORTE”, procedendo a súa publicación

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE PRODUTOS NO “FESTIVAL DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA”

Artigo 1. Fundamento e obxecto.

Esta entidade local, en uso das facultades contidas nos artigos 41 a 47 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, establece o prezo público pola entrega dos produtos conmemorativos e de consumición vinculados ao “Festival do Viño da Ribeira Sacra”, organizados e ofrecidos polo Concello de Monforte de Lemos.

Artigo 2. Concepto e feito determinante do pagamento.

Constitúe o concepto do prezo público a entrega, a solicitude da persoa interesada, dos produtos asociados ao festival.

Artigo 3. Obrigados ao pagamento.

Están obrigadas ao pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza as persoas físicas ou xurídicas que soliciten ou adquiren calquera dos produtos relacionados no artigo 4.

Artigo 4. Contía.

A contía do prezo público será a fixada na seguinte táboa de tarifas:

CONCEPTO	IMPORTE
Pulseira Solidaria	1,00 €
Copa	2,00 €
Portacopas	1,00 €
Pack (copa + portacopas + 1 token)	3,00 €

Co obxecto de facilitar a xestión económica do evento e garantir a homoxeneidade do sistema de cobramento das degustacións, establécese un sistema de consumicións baseado na utilización de tokens, que terá o custo indicado e fixado con anterioridade á celebración do festival.

Os asistentes adquirirán previamente os tokens nos postos de recepción habilitados polo Concello de Monforte de Lemos, nas entradas ao Festival.

Posteriormente, os usuarios entregarán os tokens na adega da súa elección en contraprestación das consumicións realizadas.

Os importes enténdense cos impostos que, no seu caso, resulten de aplicación incluídos.

Artigo 5. Exencións e bonificacións.

Non se establecen exencións nin bonificacións, sen prexuízo das accións promocionais que, no seu caso, poida acordar o órgano competente con cobertura orzamentaria, conforme ao artigo 44.2 do TRLRFL.

Artigo 6. Devindicación e nacemento da obriga.

Devíndase o prezo público e nace a obriga de pagamento no momento en que se solicita ou se adquire calquera dos produtos regulados nesta Ordenanza.

Artigo 7. Normas de xestión e forma de pagamento.

O prezo público esixírase no momento da adquisición, aboándose en metálico ou, preferentemente, mediante tarxeta bancaria, nos puntos de venda habilitados para o efecto no recinto do festival. Cando, por causas non imputables á persoa obrigada, non puidese prestarse o servizo ou entregarse o produto, procederá a devolución do importe correspondente, conforme ao artigo 46.2 do TRLRFL. Os tokens non canxeados non darán dereito a devolución unha vez rematado o festival, salvo o previsto no parágrafo anterior.

Artigo 8. Modificación.

A modificación dos prezos públicos fixados nesta Ordenanza corresponderá ao órgano competente conforme á lexislación vixente e ao réxime de delegación de competencias aplicable.

Artigo 9. Lexislación aplicable.

En todo o non previsto nesta Ordenanza observarase o disposto no texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; na Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos; e na Ordenanza Xeral de Prezos Públicos deste Concello.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

A presente Ordenanza, unha vez aprobada polo órgano competente, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será de aplicación a partir do día seguinte ao da devandita publicación, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o acordo de aprobación, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Tribunal de Instancia de Lugo, sección contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo. Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Monforte de Lemos, 17 de xuño de 2026.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1653

RIBAS DE SIL*Anuncio*

Mediante resolución de Alcaldía do 17 de xuño de 2026 prestouse aprobación as bases para a selección dunha brigada de prevención e defensa contra incendios ao abeiro do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Ribas de Sil para os postos seguintes:

- 1 xefe de brigada
- 1 peón - condutor
- 3 peóns

Tipo de contrato: Contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos a xornada completa.

Duración: 3 meses

Sistema selectivo: Concurso.

As solicitudes presentaranse no Rexistro do Concello Ribas de Sil en horario de 9h.00 a 14h.00, de luns a venres ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, no prazo de 5 DÍAS HÁBILES contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da Provincia de Lugo.

No caso de que se presente a documentación no rexistro doutra administración pública ou en Correos, os/as concursantes deberán remitir un correo informando da dita presentación ó enderezo concelloribasdesil@gmail.com durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na sede electrónica do Concello (<https://concelloribasdesil.sedelectronica.gal/info.0>) e no taboleiro de edictos do Concello de Ribas de Sil.

Ribas de Sil, 17 de xuño de 2026.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 1657

A RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio*

O Pleno do Concello de Ribeira de Piquín, en sesión extraordinaria do 16 de xuño de 2026, aprobou definitivamente a desafectación do ben moble “*Tractor marca Landini, modelo 8500 DT e número de bastidor SJPLX31044*”, cambiando a súa cualificación xurídica de ben de dominio público a ben patrimonial.

Contra o presente acordo, interporase recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

A Ribeira de Piquín, 18 de xuño de 2026.- O alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 1658

XOVE

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 18 de xuño adoptouse acordo de modificación do Acordo regulador do Prezo público pola realización de actividades formativas, de ocio e tempo libre, do seguinte xeito:

1.- Modificación do artigo 4º do Acordo Regulador, do seguinte xeito

1.1.- Suprímense os prezos públicos seguintes:

- 5. Bailes de salón
- 8. Torneo de pádel
- 9. Manualidades
- 10. Torneos de bádminton

1.2.- O prezo a que se refire o punto 4 pasa a denominarse Kartódromo de Viveiro manténdose o mesmo prezo, desglosándose en 4,13, desglosándose en 4,13 e un 21% de IVE (0,87 €)

1.3.- O prezo a que se refire o punto 2 loga mantense no mesmo importe, desglosándose en 12,40 € e un 21% de IVE (2,60 €)

1.4.- Establécense os seguintes prezos públicos:

Actividade	Prezo/mes/actividade* sen IVE	IVE	Prezo total/mes
5.- Sup e Big Sup	4,13 €	21% (0,87 €)	5,00 €
8.- Aquapark	8,26 €	21% (1,74 €)	10,00 €
9.- Urban Planet	8,26 €	21% (1,74 €)	10,00 €
10.- Paintaball	4,13 €	21% (0,87 €)	5,00 €
15.- Parque aventura	4,13 €	21% (0,87 €)	5,00 €
16.- Curso de pádel	8,26 €/mes	21% (1,74 €/mes)	10,00 €/mes
17.- Mañás Activas	20 €/quincena	-€	20,00 €/quincena

Para os inscritos á actividade de Mañás Activas a que se refire o punto 17, os prezos a que se refiren os puntos 4, 5, 10 e 15 serán de 0,00 €

2.- Modificación do artigo 5º do Acordo Regulador no seu parágrafo segundo, que quedará redactado como segue:

“Para o caso 3, 13, 14 e 15 do artigo anterior, as persoas solicitantes desfrutarán dunha redución do 50% da tarifa no caso do segundo e sucesivos nenos e nenas matriculador nas actividades “Xove Concilia”, “Xovesperta” e “Mañás Activas”

O que se fai público para xeral coñecemento, advirtíndose que ditos acordos poñen fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra os mesmos, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio, ou alternativamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde a data indicada. Todo elo en virtude do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, e os artigos 8 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Caso de interpoñerse recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa de aquel ou da súa desestimación presunta.

Todo elo sen prexuízo de que os interesados podan exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que estimen procedente.

Xove, 18 de xuño de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1659